

ÁNGEL CARRACEDO, PREMIO EXXPOPRESS - 2015



Nos premios Exxpopress á Dinamización Turística, Cultural, Social e Empresarial de Galicia os galardoados son o catedrático de Medicina Legal da USC e experto internacional en investigación no campo da Xenética **Ángel Carracedo** (na categoría Internacional); o humorista gráfico **Luis Davila** (Autonómica) e a **Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza** (Comarcal).

O xurado dos Premios Exxpopress destacou do doutor Carracedo non só a transcendencia do seu traballo no ámbito da xenética, se non especialmente “**o seu valioso labor de difusión das investigacións e avances científicos, sobre todo entre os mozos**”

Estes galardóns que outorga o **Club Exxpopress de Xornalistas de Galicia**, consisten en estatuíñas de deseño exclusivo do artista ribeirense Jontxu Argibay entregaranse na V Gala Anual da entidade o sábado 28 de novembro en Ribeira.

Tamén resultaron premiados **Pedro Piqueras Gómez** (na categoría Traxectoria Profesional) e **Íker Jiménez Elizari** (na categoría de Mellor Comunicador).